



# OS MEUS DEREITOS

Convenci3n Internacional sobre os Dereitos do Neno. 20 novembro 1989

Versi3n adaptada para nenos e nenas de 9 a 12 anos

## Convención Internacional sobre os Dereitos do Neno. 20 Novembro 1989

A Convención sobre os Dereitos do Neno (CDN) foi aprobada o 20 de novembro de 1989 pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas. É o tratado internacional que regula cales son os dereitos de todos os seres humanos menores de 18 anos de idade. Esta Convención establece que todos os rapaces e rapazas do mundo son importantes en igual medida. Por tanto, todos os dereitos establecidos na Convención deben ser aplicados sen facer distinción de raza, cor, sexo, idioma, relixión, posición económica, opinións, crenzas etc.

A Convención sobre os Dereitos do Neno foi ratificada por case todos os países do mundo. España é un dos que a ratificou, o que significa que está obrigada a respectar os dereitos que nela se conteñan e debe facer todo o posible para que os nenos, as nenas e os mozos os coñezan e os exerzan.

plataforma de  
organizaci3ns  
de **infancia**  
galicia



# Ola!

Estes son os teus dereitos.

Son os mesmos para os nenos e as nenas de todo o mundo.

Leos, apréndeos e fala deles

no teu colexio, cos teus compañeiros/as e amigos/as.

Versión do texto oficial adaptado para nenos e nenas de 9 a 12 anos.

---

**Edita e coordina:** Plataforma de Organizaciones de Infancia. [www.plataformadeinfancia.org](http://www.plataformadeinfancia.org)

Tradución libre e adaptación realizada por Save the Children España do sueco:  
"Mina Rattigheter" Os Meus Dereitos.

**Tradución a galego:** Plataforma de Organizaci3ns de Infancia de Galicia. [www.infanciagalicia.org](http://www.infanciagalicia.org)

**Revisión da traduci3n a Galego:** Real Academia Galega.

**Ilustra:** Sara Rojo. [www.sararojo.com](http://www.sararojo.com)


**Deseña:** Más en el interior. [www.masenelinterior.es](http://www.masenelinterior.es)  
Hecho Visual. [www.hechovisual.es](http://www.hechovisual.es)

**Data de reedici3n:** outubro 2019.

**Subvencionada:** Ministerio de Sanidade, Consumo e Benestar Social e Xunta de Galicia.

OPINA SOBRE OS TEUS DEREITOS.

DEBUXA, ESCRIBE... EXPRESATE!



 Corta, pega,  escribe,  pinta,  opina sobre os teus dereitos.

Usa este caderno para expresar o que opines dos teus dereitos.

E se queres facernos partícipes, non dubides en enviarnos a túa opinión.

 R/Belvis, 2. 15703 Santiago de Compostela. A Coruña. Tel.: 98 158 22 43.

 poig@infanciagalicia.org

 www.infanciagalicia.org

A familia é moi importante para o desenvolvemento, benestar e felicidade dos nenos e nenas.



Escribe ou pinta o que opines.

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

Os principais responsables do teu cuidado son os teus familiares.

O Goberno debe poñer todos os medios para asegurar que se respecten os dereitos dos nenos e as nenas.

O Goberno tamén debe axudar a outros países a respectar estes dereitos.



EXPRESATE AQUÍ!



Todos os nenos e nenas teñen dereito a un nome e a unha nacionalidade.

Todos os nenos e nenas son importantes en igual medida.

Non debes ser discriminado pola túa aparencia, a túa cor, o teu sexo, o teu idioma, a túa relixión, as túas opinións etc.

Corta, pega, colorea. ✂️ 🧑 🖍️

As persoas que deciden sobre os asuntos que afectan á infancia deben ter sempre en conta os intereses do neno e da nena.



Todos os nenos e nenas teñen dereito a expresar o que senten.

Todos os nenos e nenas teñen dereito a asistir ao colexio e a aprender cousas importantes como, por exemplo, o respecto polos dereitos humanos e por outras culturas.

Cando esteas enfermo terás dereito a recibir a axuda e os cuidados que necesites.

É importante que no colexio os nenos e as nenas poidan desenvolver a súa personalidade, capacidade e habilidades.



Escribe ou pinta o que opines.

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---



Todos os nenos e nenas teñen dereito a unhas condicións dignas de vida.

O neno ou a nena que se viu  
forzado/a a abandonar o seu país ten  
os mesmos dereitos que todos os  
que viven no país de acollida.

Se a túa familia non está contigo,  
debes recibir protección  
e axuda especiais.



EXPRESATE AQUÍ! 

Se fose posible, deben axudarche a  
reunirte coa túa familia.

Se tes unha discapacidade, debes recibir  
apoio e axuda especiais.


As ideas e crenzas de todos os rapaces e rapazas deben ser respectadas.

Se pertences a unha minoría, tes dereito a falar o teu idioma, a manter os teus costumes e a practicar a túa relixión.

Todos os nenos e nenas teñen dereito a recibir información de diferentes partes do mundo a través da radio, televisión, prensa e libros. A información non debe ser prexudicial. Ti tamén tes dereito a dar información



E ti que opinas?



Todos os nenos e nenas teñen dereito a vivir nun medio ambiente saudable.



Todos os nenos e nenas teñen dereito a que se respecte a súa intimidade. Por esta razón, ninguén pode ler sen o teu permiso as túas cartas, os teus escritos, ou revolver nas túas cousas.

Corta, pega, colorea. ✂️ 🧩 🖍️

Todos os nenos e nenas teñen dereito a estar co seu pai e coa súa nai, aínda que estes non vivan xuntos.

A nai e o pai teñen as mesmas obrigacións con respecto aos seus fillos e fillas.

Os pais e nais teñen dereito a recibir apoio e axuda para a túa educación e desenvolvemento.



Ningún neno ou nena debe ser maltratado, explotado ou abandonado.

Ningún neno ou nena debe ser forzado a realizar un traballo que o prexudique.

Ningún neno ou nena debe sufrir abusos sexuais.

Se es maltratado tes dereito a ser protexido e axudado.

EXPRESATE AQUÍ! 



Todos os nenos e nenas teñen dereito a estar informados e a coñecer cales son os seus dereitos.



Somos unha asociación constituída por organizacións sociais que traballan a favor da infancia.

Somos unha organización sen ánimo de lucro e declarada de utilidade pública.

Somos plurais, solidarios, democráticos e independentes de calquera organización política e relixiosa.

Escosura, 3. Local 2. 28015 Madrid.  
Tel: 91 447 78 53. Fax: 91 447 83 33  
E-mail: [info@plataformadeinfancia.org](mailto:info@plataformadeinfancia.org)

[www.plataformadeinfancia.org](http://www.plataformadeinfancia.org)

 [plataformadeinfancia](https://www.facebook.com/plataformadeinfancia)  [@platdeinfancia](https://twitter.com/platdeinfancia)



A Plataforma de Infancia de Galicia agrupa organizacións sociais que traballan en todo o territorio galego en favor dos nenos, nenas e adolescentes e é unha entidade membro da Plataforma de Infancia de España

R/Belvis, 2. 15703 Santiago de Compostela. A Coruña.

Tel: 98 158 22 43

E-mail: [poig@infanciagalicia.org](mailto:poig@infanciagalicia.org)

[www.infanciagalicia.org](http://www.infanciagalicia.org)

   [@infanciagalicia](https://www.instagram.com/infanciagalicia)

*A SÚA VOZ É A NOSA*

Subvenciona:

